

“Escribir coa boca e ler cos oídos” é un obradoiro ideado para desenvolver con alumnos/as de 3º curso de ESO no IES Xograr Afonso Gómez, de Sarria (Lugo) nos meses de abril e maio de 2006.

Pretende achegar ao alumnado coñecementos, estímulos e recursos para realización de traballos de campo, para a investigación, para a documentación e a recreación da literatura e da mitoloxía popular de tradición oral, de cara á que se impliquen na conservación, no uso e disfrute do noso patrimonio literario oral.

Preténdese, asímesmo, contribuír a mellorar as capacidades expresivas seguindo a evolución natural; primeiro aprendemos a escoitar, logo aprendemos a falar e, por último, aprendemos a expresarnos por escrito.

OBXECTIVOS

Os principais obxectivos deste proxecto son:

- Poñer en valor a literatura de tradición oral, a primeira literatura que existiu, un inmenso e valioso patrimonio transmitido de boca a orella desde os máis recuados tempos e que, afortunadamente, podemos disfrutar aínda vivo nos nosos días. Coñecer as súa historia, as súas orixes nas antigas culturas orientais, a súa difusión por todo o mundo e a situación actual do patrimonio oral.

- Amosar as posibilidades deste patrimonio oral con actividades axeitadas, pois é clave para a correcta aprendizaxe da expresión oral e escrita, para a conservación da lingua e da cultura.

- Concienciar ós máis novos para que nun futuro, coa formación correspondente, tomen interese polo estudo, a investigación e a difusión da literatura oral galega como parte que é dun sistema literario antigo e universal.

- Incentivar o coñecemento do entorno e dos seus habitantes, do valor das tradicións e das persoas maiores que as coñecen e as transmiten.

- Valorar o papel da conversa e a necesidade de saber contar, pois a claridade na expresión é clave nos estudos e na formación da persoa. Antes de saber escribir, hai que saber falar.

- Valorar tamén o papel do silencio e da atención, pois só aprendemos a contar escoitando a outros. A conversa como arte.

- Integrar ós escolares procedentes doutras culturas compartindo os seus contos e os nosos, que, ó cabo, son os mesmos.

- E sobre todo, transmitir a idea de que se poden divertir contando e escoitando; escribindo coa boca e lendo cos oídos.

CONTIDOS

O obradoiro vai ter unha duración de 10 horas, divididas en 5 sesións de dúas horas cada unha.

1ª Sesión

Exposición teórica: ¿Qué é a literatura popular de tradición oral? ¿Para que serve a literatura oral? Xéneros. Contos: Tipos de contos. Recompilar, transcribir, clasificar, archivar: metodoloxía para o traballo de campo. Recompiladores e publicacións de mérito da comarca como referente e estímulo para traballar coa literatura oral. Versións e variantes. Os catálogos tipolóxicos.

Procurárase que no intervalo ata a seguinte sesión recollan algún conto ou lenda no seu entorno.

2ª Sesión

Historias para contar e escoitar: Selecciónanse (de non traeren os alumnos/as algunha recompilación propia) varios contos e lendas tradicionais de distintos tipos que se teñan rexistrado en Galicia, e cóntanse. Incidirase na comparación cos contos tradicionais doutras culturas e a similitude dos contidos. Se hai alumnos doutros países, buscarase algún relato que permita a comparación cos nosos.

3ª Sesión

Transcribir versións orais.

Técnicas de transcrición. Tratamento de vulgarismos, dialectalismos...etc. nas transcripciones de literatura oral.

4ª Sesión

Recrear literatura oral.

Recreación oral. Práctica

Recreación escrita. Práctica

5ª Sesión

Elaboración de textos escritos á maneira oral.

Datas de desenvolvemento do obradoiro:

24 de abril

4, 10, 18 e 22 de maio de 2006.

Duración: 10 horas.

Alumnos/as que participaron:

ALUMNOS/AS DE 3º DE E.S.O. (CURSO 2005-2006) DO I.E.S. XOGRAR AFONSO GÓMEZ, SARRIA (LUGO): Adela López López, Paula Álvarez García, Sofía González Díaz, Fátima Moya Ortega, Miguel Angel Fernández Río, Andrea Álvarez Arias, Estefanía Quiroga Somoza, Tomás Guillén Solano, Sergio López Moure e Javier Arias Folgal.